



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTECINCO DE MARZO DE DOUS MIL DEZ.

NÚM. 03/2010

<p><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p><b><u>ALCALDE-PRESIDENTE</u></b> D. José María García Rivera.</p> <p><b><u>CONCELLEIROS</u></b> D<sup>a</sup> Rosa Alonso Rodríguez. D. Pedro M. Fernández Marful. D. Ramón Sixto Legaspi. D. Xaime Cancio Rodríguez. D. José Luis Sánchez García. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María Basanta Morán. D<sup>a</sup> Verísima Eiroa Couto. D. Xoán Carlos González Basanta. D. Balbino Fernández López. D<sup>a</sup>. María Xosefa Alonso Otero.</p> <p><b><u>NON ASISTE</u></b> D<sup>a</sup> Ana A. Incera Ares.</p> <p><b><u>INTERVENTOR</u></b> D. Luis Ramón Vázquez Parga.</p> <p><b><u>SECRETARIA</u></b> D. M<sup>a</sup> Carmen Seoane Bouzas.</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:30 horas do día vinte cinco de marzo de 2010, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
--	--

O Sr. Alcalde excusa a ausencia da Concelleira Da. Ana A. Incera Ares.

#### 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE DATA 25-02-10.-

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o 25 de febreiro de 2010 e que foron oportunamente distribuídas coa convocatoria.

Intervén o Sr. González Basanta para dicir que na páxina 10, dentro do punto 10 da orde do día hai un erro, en lugar de "86 €" debería figurar "8 €".

Non producíndose máis intervencións, queda aprobada por unanimidade dos membros presentes a acta da citada sesión, coa corrección realizada, ordenando a súa transcripción ao Libro



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

### **2. DECLARACIÓN DE INTERESE TURÍSTICO DAS FESTAS DO CARMEN DE SAN MARTIÑO-FOZ.-**

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 18 de marzo de 2010, sobre a declaración de interese turístico das Festas do Carmen de San Martiño-Foz.

Visto o escrito presentado polo Presidente da Asociación Cultural Virxe do Carme de San Martiño-Foz, de data 2 de marzo de 2010.

Non habendo intervencións se procede á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Apoiar a solicitude da Asociación Cultural Virxe do Carme de San Martiño-Foz ante a Xunta de Galicia da declaración de interese turístico das Festas do Carmen de San Martiño-Foz.

### **3. DESLINDE DOS MONTES COMUNAIS DA PARROQUIA DE NOIS.-**

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 18 de marzo de 2010, sobre o deslinde dos montes comunais da Parroquia de Nois.

Non habendo intervencións se somete o asunto a votación, resultando aprobado por unanimidade dos membros presentes o seguinte acordo:

Interceder ante a Consellería de Medio Rural, respecto á solicitude de deslinde ante a mesma pola Xunta Rectora M.V.M.C da Parroquia de Nois, Foz.

### **4. MOCIÓN DO PP SOBRE O APOIO DO RECOÑECEMENTO OFICIAL DO CAMIÑO DO MAR COMO RUTA DE PEREGRINACIÓN XACOBEA.-**

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 18 de marzo de 2010, sobre a moción do PP sobre o apoio do recoñecemento oficial do Camiño do Mar como Ruta de Peregrinación Xacobeá.

O portavoz do PP explica a moción.

Toma a palabra o portavoz do BNG para pedir un recoñecemento a un historiador de Foz, D. Ramón Pazos, que publicou estudos sobre o Camiño do Mar.

Non habendo máis intervencións se procede á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade dos membros presentes o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Instar á Xunta de Galicia a desenvolver os trámites e xestións que estime oportunas co obxecto de oficializar como ruta xacobeá este novo viario de peregrinación coñecido como CAMIÑO



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

DO MAR.

**Segundo.-** Amosar o apoio decidido da Corporación Municipal, nas tarefas que a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial e outras institucións e organizacións poidan desenvolver na divulgación e promoción deste percorrido que empeza en Ribadeo, continúa polos Concellos de Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro, Ortigueira, Cedeira e chega ata Neda, no que se funde coa ruta oficial do Camiño Inglés chegando ata Santiago.

**Terceiro.-** Dar conta do presente acordo ao Conselleiro de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, á área de Cultura e Deporte da Deputación Provincial de Lugo, ao Presidente da Sociedade Anónima de Xestión do Xacobeo e aos distintos Grupos Parlamentarios da Cámara Galega.

### 5. MOCIÓN DO PSOE SOBRE UNIÓNS AGRARIAS.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 18 de marzo de 2010, sobre a moción do PSOE sobre Unións Agrarias.

Toma a palabra o portavoz do PP para dicir que os fondos da política agraria común proceden da Unión Europea e quen saca as bases é o Ministerio de Medio Ambiente, polo que o seu grupo vai votar en contra.

O portavoz do BNG intervéñ para anunciar que o seu grupo vai votar a favor, aclara que as responsabilidades hai que repartilas, o goberno ten que apostar por ese sector, e nese sentido non axuda que os fondos AGADER se reducisen este ano de 14 millóns a 3,4 millóns. Conclúe dicindo que Europa e o Goberno Central teñen moitas responsabilidades porque non puxeron enriba da mesa esas cuestións.

O Sr. Alcalde lle contesta ao Sr. González Basanta que lea a exposición de motivos da moción.

O portavoz do PP manifesta que políticas agrarias comúns saíron conxuntamente para zonas xeográficas moi desfavorecidas. Sinala que é moi diferente a moción deste punto da orde do día da seguinte moción do punto 6 da orde do día, xa que a outra mete ao Goberno de Asturias, o cal si que apoiou o tema, que é do que se trata nesta moción, que o Goberno da Xunta o apoie.

Non habendo máis intervencións se procede á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (5 PSOE e 3 BNG).
- Abstencións: ningunha.
- Votos en contra: 4 (PP).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Instar á Consellería do Medio Rural a que reconduza as bases desta convocatoria para que non se dean situacións de desigualdade entre as explotacións.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

**Segundo.-** Esixir do Goberno Galego que ante esta situación aposte porque se destinen fondos adicionais para que estas explotacións non queden nunha situación de competencia desigual co resto de Galicia.

**Terceiro.-** Solicitar desta Corporación Municipal para que no caso de non producírense estas modificacións e o reenfoque nas medidas previstas pola Xunta de Galicia, apoie as accións reivindicativas na defensa das explotacións que teñen unha rendibilidade totalmente insuficiente para a súa supervivencia, o que repercutirá no papel fundamental que desempeñan no mantemento do territorio, na conservación do medio natural e no tecido económico das vilas.

### 6. MOCIÓN DO PSOE RELATIVA AO SINDICATO LABREGO GALEGO.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 18 de marzo de 2010, sobre o Sindicato Labrego Galego, a cal dí:

*“Antonio Villarino Rego, con DNI nº: 33.302.091-T, e enderezo a efectos de notificación en Avda. Calvo Sotelo, nº 3-1ºE, 27700-Ribadeo, Lugo, (Teléfono nº 630970132), na miña condición de Coordinador Comarcal do Sindicato Labrego Galego, traslado aos Grupos políticos con presenza na Corporación Municipal para que, de acordo co establecido nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sexa presentada para o seu debate a aprobación polo Pleno a MOCIÓN que a continuación se recolle:*

#### EXPOSICION E MOTIVOS

- *No Real Decreto 66/2010, de 29 de xaneiro, sobre a aplicación no ano 2010 e 2011 dos pagos directos á agricultura e á gandería que publicou o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, (BOE nº 26 de data 30 de xaneiro), regúlase unha nova liña de axudas no marco da PAC, concretamente nos artigos 90 e seguintes, destinadas ás explotacións gandeiras de orientación láctea.*
- *Establécese como requisito para optar a estas axudas que a explotación beneficiaria esteña situada en concellos considerados zona desfavorecida ou de montaña, segundo a relación que se recolle no anexo 9.1.1. Listado de Zonas Desfavorecidas de España, del Programa de desenvolvemento rural para las medidas de acompañamento.*
- *Pola súa parte, a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, mediante a Orde do 22 de febreiro de 2010 pola que se regula a aplicación dos pagamentos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2010 (Doga nº 39 de 26 de febreiro) refrenda esta medida (artigos 83 e ss.), excluindo destas axudas ás explotacións que non esteñan situadas en concellos catalogados como de montaña ou desfavorecidos, e que se relacionan no anexo 21 da Orde (páxinas 2590 e 25921 do Doga nº 39 de 26 de febreiro de 2010).*
- *A aplicación deste criterio vai deixar fora a un importante número de ganderías de leite, por estar situadas en zonas non consideradas desfavorecidas ou de montaña, entre as*



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

*que se podería destacar pola súa vocación leiteira A Mariña de Lugo, nomeadamente os concellos de Trabada, Ribadeo, Lourenzá, Barreiros e Foz.*

- *É facilmente constatábel que as condicións para a produción de leite nesta comarca non son substancialmente mellores que as de outras zonas catalogadas como desfavorecidas (de feito, en amplas zonas da mesma xa non queda ningunha explotación láctea), polo que non se xustifica esta exclusión; a non percepción destas axudas crearía un clarísimo agravio comparativo para as explotacións radicadas nestes concellos, afectadas, como é sabido por unha importante caída das rendas.*

*Polo exposto, SOLICITO a presentación desta MOCIÓN diante o pleno da corporación municipal, para que este adopte os seguintes acordos:*

*1.- Demandar do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño o cambio dos criterios de adxudicación destas axudas, de maneira que se poidan beneficiar delas todas as explotacións lácteas de Galicia, tal como se establece no caso da Comunidade Autónoma das Illas Baleares.*

*2.- Demandar da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, de non cumprirse o solicitado no punto anterior, que dispoña, con cargo aos seus propios presupostos, os recursos necesarios para compensar ás explotacións lácteas que se vexan privadas do acceso a estas axudas por non estar situadas nos concellos incluídos en zonas desfavorecidas na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*3.- Facer público este acordo e respaldar as accións reivindicativas que o sector lácteo da comarca leve adiante."*

Toma a palabra o portavoz do PP, para dicir que no punto primeiro e terceiro da moción están completamente de acordo, pero non no punto segundo.

O portavoz do BNG manifesta que o seu grupo está a favor e sinala que a responsabilidade é tanto do Goberno Central coma do Goberno Galego.

Non habendo máis intervencións se procede á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (5 PSOE e 3 BNG).
- Abstencións: ningunha.
- Votos en contra: 4 (PP).

Resultando aprobada a moción.

### **7.- MOCIÓN DO PSOE SOBRE O SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE.-**

Se procede á votación da urxencia do punto da orde do día, ao non estar ditaminado pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno, resultando aprobada por unanimidade dos membros presentes.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Toma a palabra a portavoz do PSOE, Da. Rosa Alonso Rodríguez, que explica a moción.

O portavoz do PP manifesta que entenden que non se suprime, senón que se troca o nome e a Dirección Xeral, polo que o seu grupo vai votar en contra.

Non habendo máis intervencións se procede á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (5 PSOE e 3 BNG).
- Abstencións: ningunha.
- Votos en contra: 4 (PP).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia para que non suprima o organismo autónomo Servicio Galego de Promoción da Igualdade do home e da muller.

### **8.- EXPEDIENTE Nº 09/2010 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2010.-**

Pola Secretaría da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 18 de marzo de 2010, sobre a modificación de créditos nº 09/2010.

O portavoz do PP di que non entenden como se leva un suplemento de crédito para pagar facturas que están fora do orzamento. Lle lembra ao Sr. Alcalde que sempre se dixo por parte do PP que o Concello estaba caído, que está cun orzamento do ano 2008 e que debe ser el quen controle de maneira exhaustiva esas cuestións. Anuncia que o seu grupo se vai abster.

O Sr. Alcalde lle replica que cando colleu o Concello había moita débeda e agora hai remanente. O ano pasado foi fastidiado polos temporais, quizais o máis doado fora pedir crédito para os danos do temporal, pero decidiuse dende o equipo de goberno non facer iso e se pediron subvencións e se foi tirando das partidas, pero o diñeiro das partidas non se pode gastar libremente. O Concello leva sen pedir un crédito catro ou cinco anos e é un dos Concellos mellores colocados economicamente da Comarca, se van pagando as facturas nun prazo de tres ou catro meses.

O portavoz do BNG manifesta que o que ten que facer un goberno municipal é controlar o gasto, xa que non se pode prever unha cantidade nas partidas e despois andar sobrepasando os gastos. Se falásemos dunha familia, se se gasta máis do que se pode se vai gastando o aforro. Aquí se estivo tirando do diñeiro que deron as licencias e agora se está quitando 2,5 por ano do que había, e se hai algunha circunstancia que afrontar dende o Concello non vai a haber diñeiro. Lle recorda, como tamén se sinala no informe de intervención, que se fixo o plan de saneamento e non se está facendo nada. Explica que hai facturas que se retrasan porque non se fai a conformidade das mesmas polas áreas de xestión e por iso veñen; así, se deberían de regularizar facturas de cursos que se fan con persoas que non están dadas de alta no IAE e de contratos de servizos nos que se segue o procedemento a seguir. Anuncia que o seu grupo se vai a abster porque non van a perxudicar á xente que fixo o servizo ou a xestión, pero advirte de que hai que ter moito máis coidado.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Alcalde contesta que é malo, pero seguro que cando remate o mandato vai deixar o Concello moito mellor que cando o colleron; xa que cando o colleron había 200 millóns dunha operación de tesourería para pagar facturas. Se pediu ultimamente un crédito de 70.000 e fai anos que non se piden créditos. Hai moitas familias no Concello, non só unha e os cartos non chegan porque o Concello ten que facer todo, é o que menos mirado está do Estado español. Prosegue dicindo que se fan propostas motivadas de gasto, a xestión mala non é, xa que se vai rematar o mandato e vai haber aforro, e nos bancos aínda queda algo. Comparado con outros Concellos, Foz é o que ten unha débeda estable, sen que isto sirva de xustificante. Respecto ao das licenzas, o BNG dicía que non se debía coller o diñeiro porque non era legal e viño ben. Por último, lle di ao portavoz do BNG que respecto ao que anunciou na prensa da retirada do POL, que primeiro haberá que negociar ata o último minuto e despois a ver como se queda, que igual tamén o PSOE se descolga.

O portavoz do PP pide que para controlar a cousa o que deberían de facer é traer todo.

Toma a palabra o Sr. González Basanta insistíndolle ao Sr. Alcalde que debe ter máis control de gasto en tódalas cuestións, e o están dicindo os informes xurídicos do Concello. Matiza que eles nunca dixeron respecto ás licenzas que non había que coller os cartos. Conclúe que o gasto está feito e o que hai é que facelo ben.

O Sr. Alcalde explica que gastaron no saneamento rural, en colexios, en centros sociais, carreteiras, etc; se gastou en cuestións sociais e na lei da dependencia se vai a empezar a contar cunha empresa porque o Concello non ten capacidade; o servizo de lixos é público e quizais fose máis rentable a xestión privada.

Non habendo máis intervencións se procede á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (PSOE).
- Abstencións: 7 (4 PP e 3 BNG).
- Votos en contra: ningún.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** - Aprobar con carácter inicial o expediente número 09 de modificación do Orzamento Xeral prorrogado de 2010 por importe de douscentos corenta e dous mil setecentos oitenta e tres euros e oitenta e cinco céntimos (242.783,85 €), que se financia co saldo do remanente de tesourería de libre disposición que provén da liquidación do orzamento do exercicio precedente, de acordo co seguinte:

### **MODIFICACIÓN NÚMERO 09 DO ORZAMENTO XERAL PRORROGADO PARA 2010. SUPLEMENTO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO.**

PARTIDA	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
121,22001	18.000,00	<b>1.292,67</b>	19.292,67
121,212	0,00	<b>46,93</b>	46,93
121,22600	39.000,00	<b>2.988,45</b>	41.988,45
111,22602	4.000,00	<b>740,08</b>	4.740,08



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

222,22703	200,00	<b>256,56</b>	456,56
222,22000	300,00	<b>13,60</b>	313,60
222,22002	1.500,00	<b>33,90</b>	1.533,90
222,22104	5.000,00	<b>2.387,28</b>	7.387,28
222,213	3.000,00	<b>1.392,72</b>	4.392,72
222,22608	700,00	<b>1.392,51</b>	2.092,51
222,214	3.000,00	<b>573,53</b>	3.573,53
223,214	3.000,00	<b>8.618,59</b>	11.618,59
222,22611	20.000,00	<b>2.156,28</b>	22.156,28
322,22609	29.302,06	<b>285,96</b>	29.588,02
313,22608	5.000,00	<b>122,33</b>	5.122,33
313,212	2.000,00	<b>276,08</b>	2.276,08
451,22602	10.000,00	<b>2.752,68</b>	12.752,68
451,22607	158.000,00	<b>10.342,80</b>	168.342,80
432,213	100.000,00	<b>2.256,03</b>	102.256,03
452,212	5.000,00	<b>2.487,85</b>	7.487,85
422,212	9.000,00	<b>3.664,26</b>	12.664,26
432,210	50.000,00	<b>3.755,98</b>	53.755,98
463,22608	15.000,00	<b>3.691,69</b>	18.691,69
452,22608	7.000,00	<b>7.004,07</b>	14.004,07
451,22605	300,00	<b>2.786,68</b>	3.086,68
451,216	500,00	<b>1.335,27</b>	1.835,27
451,22002	6.000,00	<b>704,24</b>	6.704,24
442,22104	0,00	<b>72,00</b>	72,00
442,213	1.800,00	<b>106,26</b>	1.906,26
451,213	5.000,00	<b>1.140,00</b>	6.140,00
451,22000	7.000,00	<b>1.689,41</b>	8.689,41
451,212	2.500,00	<b>267,70</b>	2.767,70
444,22602	0,00	<b>160,95</b>	160,95
442,214	10.000,00	<b>7.661,03</b>	17.661,03
442,22715	15.000,00	<b>4.847,58</b>	19.847,58
432,22703	15.000,00	<b>3.365,61</b>	18.365,61
432,22104	6.000,00	<b>509,58</b>	6.509,58
452,22601	3.000,00	<b>2.141,02</b>	5.141,02
454,212	0,00	<b>110,18</b>	110,18
432,214	9.000,00	<b>4.210,03</b>	13.210,03
451,22700	0,00	<b>550,47</b>	550,47
451,22001	4.000,00	<b>91,95</b>	4.091,95
451,22608	15.000,00	<b>4.181,29</b>	19.181,29
432,212	6.000,00	<b>595,33</b>	6.595,33
432,22608	0,00	<b>958,64</b>	958,64
454,22001	0,00	<b>37,70</b>	37,70
442,22608	0,00	<b>50,97</b>	50,97
445,22608	4.000,00	<b>32,19</b>	4.032,19
422,22000	1.000,00	<b>187,61</b>	1.187,61
442,22711	260.000,00	<b>17.270,44</b>	277.270,44
441,22718	405.100,00	<b>67.512,34</b>	472.612,34
454,22002	0,00	<b>774,71</b>	774,71





## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

452,22602	1.000,00	<b>336,40</b>	1.336,40
451,22600	2.000,00	<b>922,20</b>	2.922,20
454,22103	0,00	<b>155,34</b>	155,34
454,22608	5.000,00	<b>727,50</b>	5.727,50
454,22000	2.000,00	<b>141,67</b>	2.141,67
445,22002	0,00	<b>47,21</b>	47,21
451,22108	0,00	<b>124,56</b>	124,56
422,22700	2.500,00	<b>2.046,24</b>	4.546,24
451,22618	30.000,00	<b>400,00</b>	30.400,00
432,22100	215.000,00	<b>3.138,42</b>	218.138,42
451,22100	5.000,00	<b>361,02</b>	5.361,02
422,213	5.000,00	<b>269,42</b>	5.269,42
451,22601	7.000,00	<b>642,00</b>	7.642,00
441,210	20.000,00	<b>117,40</b>	20.117,40
451,489	28.500,00	<b>267,50</b>	28.767,50
451,68201	0,00	<b>1.513,94</b>	1.513,94
451,682	0,00	<b>4.280,40</b>	4.280,40
453.611	17.862,38	<b>1.931,08</b>	19.793,46
511,210	150.000,00	<b>38.144,47</b>	188.144,47
521,213	1.500,00	<b>672,80</b>	2.172,80
511,214	11.000,00	<b>284,69</b>	11.284,69
511,213	0,00	<b>4.069,88</b>	4.069,88
611,22717	2.000,00	<b>305,70</b>	2.305,70
<b>Total modificación de créditos 09/2010</b>			<b>242.783,85</b>

### FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN

CONCEPTO	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
870.00	100.071,12	<b>12.953,88</b>	113.025,00
870.01	29.928,88	<b>229.829,97</b>	259.758,85
<b>Total modificación de créditos 09/2010</b>			<b>242.783,85</b>

**SEGUNDO.** - O expediente impulsárase de oficio nos termos que establece a lexislación Reguladora das Facendas Locais. Así, aprobado inicialmente o expediente, exporase ao público, logo de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Simultaneamente a este envío, remitírase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### 9.- MODIFICACIÓN DA BASE 48 DE EXECUCIÓN ORZAMENTO PRORROGADO.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 18 de marzo de 2010, sobre a modificación da base 48 de execución do orzamento prorrogado.

O portavoz do PP expón que lles gustaría que cando ocorrese iso se trouxera primeiro o acordo e despois se asinase o convenio.

O Sr. Alcalde di que confiaba que ao tratarse de 6.000 € non habería problemas, pero se trata dunha cuestión de todos, se non se está de acordo se retira.

Intervén o Sr. González Basanta para manifestar que é a primeira vez que ve que o Sr. Alcalde recoñece que unha cousa está mal feita. Recorda que xa na Comisión Informativa dixera que primeiro había que traer o asunto e despois asinar o convenio. Ademais o seu grupo pensa que mediante convenio non é a forma máis axeitada, porque si o que se pretende é promocionar a Igrexa de San Martiño se podería facer un certame, ademais o Concello quedaría coa obra. Anuncia que o seu grupo vai votar en contra por discriminar a outros artistas. Lle pregunta ao Sr. Alcalde se o faría con todos os artistas.

O Sr. Alcalde lle responde que si contase co apoio do Obispado, do párroco de San Martiño e de intelectuais, igual si, depende de que obra se fixese.

Non habendo máis intervencións se somete o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 PSOE e 3 PP).
- Votos en contra: 3 (BNG).
- Abstencións: ningunha.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** – A modificación da base 48 das de execución do orzamento xeral prorrogado para o exercicio 2010 no relativo á introdución dunha nova subvención nominativa co seguinte teor:

Juan Queralt Blanch	Realización de obra sobre San Rosendo a expoñer na Basílica de San Martiño	451	489	6.000,00
---------------------	--	-----	-----	----------

**SEGUNDO.** - O expediente impulsárase de oficio nos termos que establece a lexislación Reguladora das Facendas Locais. Así, aprobado inicialmente o expediente, exporase ao público, logo de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Simultaneamente a este envío, remitírase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado

### 10.- EXPEDIENTE Nº 02/2010 DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.-

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 18 de marzo de 2010, sobre o expediente núm. 02/2010 de recoñecemento extraxudicial de créditos.

O Sr. Fernández Manín manifesta que o seu grupo se vai abster neste punto, igual que fixo antes, porque non se respetaron as formas, e pide que conste en acta que lles gustaría que se respetase de agora en diante o que se sinala no informe do Interventor municipal.

Non habendo máis intervencións se somete o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (PSOE).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 7 (4 PP e 3 BNG).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 260.646,23 euros, correspondentes a gastos de exercicios anteriores que se indican a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente:

As facturas a legalizar son as que se inclúen na relación de facturas 6 de 2010 incluídas neste expediente que comezan pola factura de AUTOCARES RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ por importe de 267,50 euros e rematan pola de ALMACENES CELSO MÍGUEZ. por importe de 16,34 euros, constando de 37 páxinas, e un importe total de 260.646,23 euros.

**Segundo.-** Aplicar, con cargo ao Orzamento municipal prorrogado para o exercicio 2010 unha vez aprobado definitivamente o expediente 09/2010 de modificación do mesmo, os créditos aprobados, imputándoos ás partidas correspondentes segundo o sinalado nos propios listados, nas que se realizará a correspondente retención.

***Se introduce por vía de urxencia o seguinte punto da orde do día, baseándose en que non se introduciu na orde do día e se trata simplemente de dar conta.***

### 11.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO PRORROGADO DO EXERCICIO 2009.

Aceptada por unanimidade a urxencia do asunto se da conta aos Srs. Concelleiros da liquidación do orzamento prorrogado do exercicio 2009.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### 12.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN:

#### A.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 20 DE FEBREIRO AO 15 DE MARZO DE 2010.

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o 20 de febreiro de 2010 ao 15 de marzo de 2010 e que foron postas de manifesto á Secretaría, quedando enterados os señores asistentes.

#### B.- MOCIÓNS.

Non se presentan mocions de urxencia.

#### C.- ROGOS E PREGUNTAS.

##### ROGOS:

O Sr. Alcalde contesta aos rogos do Pleno anterior. Indica que están cumpridos todos os rogos do PP e do BNG; así se puxeron 20 papeleiras dende A Rapadoira ata Llas, a criterio de Costas; se limparon todos os sumidoiros, segundo se comunicou polo encargado; a climatización está lista e o ascensor se fará cando se rematen os servizos da planta baixa.

Non se realizan rogos.

##### PREGUNTAS:

O BNG realiza as seguintes preguntas:

1) ¿Se colgaron as bases do plan de emprego na páxina web, tal e coma se acordou?

O Sr. Alcalde manifesta que entón haberá que comprobar se están e se non colgalas.

2) Hai catro ou cinco lámpadas afundidas en A Rapadoira.

3) ¿Se quitaron os vertedoiros incontrolados de Forxán?

O Sr. Alcalde contesta que dous, polo menos, si, pero tamén se está investigando pola Policía Local quen tira iso.

4) A marquesiña de Mañente, ¿se arranxou?

O Sr. Alcalde responde que haberá que poñela.

5) No Cachón puxeron un contenedor de vidro e un de plástico e non se valeira.

O Sr. Alcalde indica que xa está avisada a empresa para que vaia.

A continuación, o Sr. Alcalde manifesta que vai responder a unha pregunta que ten do PP



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

por escrito respecto aos expedientes urbanísticos. Os expedientes de disciplina urbanística están en secretaría, como xa se consultaron polo Sr. Basanta, e non teñen que ir a Xunta de Goberno. Aclara que non hai que confundir os expedientes de edificacións que están en solo rústico, que a resolución non é competencia do Concello, senón da Xunta de Galicia. Conclúe dicindo que non sabe a qué expedientes se pode estar referindo.

O portavoz do PP lle replica que lle conteste ao que se lle pregunta, xa que viu na prensa a nova e a súa obriga coma partido da oposición é preguntar qué pasa.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 35 minutos do día vintecinco de marzo de 2010, do que como secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº  
O Alcalde,

Asdo.: José María García Rivera.

